



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA, CONCELLO DE SANXENXO, E OS COLEXIOS OFICIAIS DE ARQUITECTOS, E DE ENXEÑEIROUS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS, PARA A REMODELACIÓN E AMPLIACIÓN DOS TERREOS QUE OCUPA O PORTO DE PORTONOVO NO CONCELLO DE SANXENXO (PROVINCIA DE PONTEVEDRA)

Santiago de Compostela, a 26 de abril de 2021

Dunha parte **D.^a Susana Lenguas Gil**, actuando en representación de Portos de Galicia, na súa condición de Presidenta, segundo o seu nomeamento e funcións establecidas no artigo 12 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, no artigo 65 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, segundo a proposta da conselleira do Mar, e previa deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 11 de xullo de 2019, e

D. Telmo Martín González, actuando en representación do concello de Sanxenxo, na súa condición de Alcalde-Presidente, segundo o seu nomeamento e toma de posesión realizada con data 15 de xuño de 2019.

Doutra, **D.^a Elena Ampudia Aixendri**, actuando en representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, en virtude da súa condición de Decana-Presidente, elixida nas eleccións estatutarias do 27 de maio de 2019, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe os artigos 11 do Real Decreto 129/2018, do 16 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais dos Colexios de Arquitectos, e do seu Consello Superior e o 38.a) do Decreto 105/2016, polo que se aproban os seus estatutos particulares, e

D. Enrique Urcola Fernández-Miranda, Decano da -Demarcación de Galicia do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, que actúa en nome e representación do antedito Colexio, segundo o acordo da súa Xunta de Goberno de 25/01/2021, no exercicio das facultades que lle confiren o artigo 28 dos seus Estatutos, aprobados por Real Decreto 1271/2003, de 10 de outubro.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,

EXPOÑEN

I.- A EPE Portos de Galicia ten como obxectivos básicos, segundo o artigo 8 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia, que reproduce o previsto no artigo 2 da Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación da entidade pública, o proxecto, a construción, a conservación, a mellora, a ordenación, a administración e a explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo e as súas futuras ampliacións nos termos previstos na Lei citada.

O Porto de Portonovo que conta cun Plan de Utilización de Usos e Espazos do porto (en adiante PUEP) aprobado por resolución de 12 de marzo de 2009, se atopa entre os portos transferidos polo Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, e está suxeito polo tanto á xestión directa da EPE Portos de Galicia.

Pola súa parte o Concello de Sanxenxo que inclúe dentro do seu termo municipal ao porto de Portonovo, en base á Lei /1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e á Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, exerce en todo caso dentro do seu termo competencias nos termos da lexislación citada en materia de ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística.

Resulta polo tanto que Portos de Galicia e o Concello de Sanxenxo, teñen interese en convocar un Concurso de proxectos para a remodelación e mellora dos terreos que actualmente ocupan o porto de Portonovo así como o seu entorno inmediato situado no termo municipal de Sanxenxo.

Para o desenvolvemento deste concurso e por motivos de idoneidade e de competencia dada a natureza da actuación que se pretende, se estima conveniente contar coa colaboración do Colexio de Arquitectos de Galicia e do Colexio de Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos, pola súa condición de organismos representativos das profesións de Arquitecto e de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos.

II.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, é unha Corporación de dereito público que ten entre os seus fins e funcións, segundo a Lei 11/2001 de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia -artigos 8.1 d) e 9 r)- colaborar coas Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, nos termos previstos na lexislación vixente. Así mesmo, ten entre as súas funcións consonte aos artigos 7.4 i) do Real Decreto 129/2018, de 16 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais dos Colexios de Arquitectos e do seu Consello Superior, e do artigo 6.4 j) do Decreto 105/2016, polo que se aproban os seus estatutos particulares, a de “prestar a colaboración que se lle requira na organización e difusión dos concursos que afecten aos arquitectos e a de velar pola adecuación das súas convocatorias ás normas reguladoras do exercicio profesional”.

Así mesmo, O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de acordo co disposto nos seus anteriormente referidos estatutos, ten entre os seus fins, segundo o seu artigo 5.f), “promover o perfeccionamento das actividades profesionais dos arquitectos ao servizo da sociedade e realizar as prestacións de interese xeral propias da Arquitectura e do Urbanismo que considere oportunas ou que lle encomenden os poderes públicos conforme á Lei”

III.- O Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, é unha Corporación de dereito público que ten entre os seus fins e funcións, segundo a Lei 11/2001 de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia -artigos 8.1 d) e 9 r)- colaborar coas Administracións Públicas, no exercicio das súas competencias, nos termos previstos na lexislación vixente. Así mesmo, ten entre as súas funcións consonte o artigo 3. g) do Real Decreto 1271/2003, de 10 de outubro, polo que se aproban os Estatutos do Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, a de “Exercer cantas funcións le sexan encomendadas pola Administración e colaborar con esta mediante a realización de estudos, emisión de informes e ditamenes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins, que poidan serlle solicitadas o acorde formular por propia iniciativa

IV.- Tal e como se reflicte na memoria de antecedentes do PUEP do porto, Portonovo constitúe un núcleo urbano con importantes atractivos turísticos, naturais e urbanos polo seu privilexiado

entorno que se integra co núcleo de Sanxenxo, situación que xera unha importante actividade de tráfico e convivencia de usos o que determina a necesidade de analizar e planificar a evolución e utilización da zona de servizo do porto na procura dunha funcionalidade óptima que responda a todas as actividades que teñen lugar no seu ámbito, ademais de favorecer a cohesión co tecido urbano.

É por elo que a planificación integral do porto de Portonovo que no seu caso determinará unha necesaria modificación do actual PUEP previo no seu caso á execución das actuacións que procedan, encaixa nos obxectivos estratéxicos desta entidade, e permite mellorar as políticas de eficiencia ambiental, económico-pesqueira, de calidade, de seguridade, de produtividade, de servizo de proximidade, turísticas e de promoción das actividades produtivas e lúdicas, de modo harmónico cos usos propiamente portuarios previstos no PUEP que son os pesqueiros, os náutico recreativos, os xerais e os complementarios.

Pola súa parte o concello de Sanxenxo, dentro dun programa estratéxico 2019-2023, ten previsto acometer no seu concello, unha serie de actuacións de impulso produtivo, social, cultural, turísticas, económicas, educativas, de eficacia medioambiental e sustentables que sexan modélicas e estean adaptadas ás esixencias e sensibilidades sociais do noso tempo.

V.- Polo tanto, o concello de Sanxenxo e Portos de Galicia, no ámbito das súas respectivas competencias, consideran oportuno establecer un marco de colaboración que lles permita xuntar esforzos para facilitar a consecución dos seus intereses comúns.

Dadas as particulares actuacións técnicas que implican toda nova intervención que se desexa sexa emblemática, Portos de Galicia e o concello de Sanxenxo levarán a cabo a selección de diferentes anteproxectos mediante a convocatoria dun concurso de proxectos, polo procedemento regulado nos artigos 183 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, tendo como finalidade a selección das mellores de entre as que se determinará a proposta gañadora, á que se poderá adxudicar mediante negociación posterior o correspondente contrato de servizos nos termos indicados nas bases do concurso.

Xa que este tipo de procedemento permite obter propostas para unha avaliación máis completa das posibles solucións, estimulando a creatividade e dando a posibilidade ao sector de participar neste proxecto, para o desenvolvemento do concurso de proxectos cómpre contar coa colaboración do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e do Colexio De Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos, pola súas condicións de organismos representativos da profesión de Arquitecto e da Enxeñería Civil respectivamente e das súas relacións cos poderes públicos nesta Comunidade.

VI.- Neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública debido ás singulares características do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Camiños Canais e Porto, pola súa representatividade na colaboración coas administracións nas materias da súa competencia.

Ao abeiro de todo o exposto, no exercicio das funcións que lles son propias, as partes asinantes outorgan o presente convenio de colaboración con base ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente Convenio é establecer a colaboración entre Portos de Galicia, o Concello de Sanxenxo, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (en adiante COAG), e o Colexio de Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos (en adiante CECCPG), para a convocatoria dun Concurso de proxectos, a nivel de ideas, con intervención de xurado, para remodelar e ampliar os terreos e demais instalacións integradas na zona de servizo do actual Porto de Portonovo así como o seu entorno inmediato no concello de Sanxenxo, mediante o procedemento regulado nos artigos 183 e seguintes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, tendo como finalidade a selección das mellores propostas de entre as que se determinará as propostas premiadas e a gañadora, á que se lle poderá adxudicar de así acordarse o correspondente contrato de servizos a través dun procedemento negociado posterior.

As normas relativas á organización do concurso deberán de recoller de maneira expresa que a propiedade intelectual do proxecto gañador e dos proxectos premiados corresponderá a Portos de Galicia e ao Concello de Sanxenxo.

Con este concurso preténdese lograr unha profunda reflexión sobre a mellor proposta, premiando as mellores actuacións que con criterios programáticos, estratéxicos, de eficacia ambientais, e de mellor sustentabilidade, fagan una proposta modélica en innovación e eficiencia, adaptándose ás maiores esixencias e sensibilidades sociais do noso tempo, integrando todos eses aspectos na lóxica prevalencia do uso netamente portuario.

O concurso de ideas será a nivel de “anteprojectos”, aberto a calquera participante e nas fases que se definan nas bases reguladoras que se aproben. Os seleccionados recibirán os premios que se establecen no Anexo 1 deste Convenio.

Se levará a cabo segundo o calendario de actuacións que establecerá, tras a firma do convenio, a comisión de seguimento, e que se define nos seus hitos esenciais no Anexo 2 deste convenio.

SEGUNDA. OBRIGAS DE PORTOS DE GALICIA E DO CONCELLO DE SANXENXO.

Portos de Galicia e o Concello de Sanxenxo obríganse a convocar un concurso de arquitectura e urbanismo e enxeñería portuaria dirixido a equipos multidisciplinares con profesionais con competencias na materia (arquitectos e enxeñeiros de camiños canais e portos), coa finalidade de obter anteprojectos de ordenación do ámbito constituído pola zona de servizo do actual Porto de Portonovo así como o seu entorno inmediato no Concello de Sanxenxo a nivel de ordenación portuaria, de ordenación urbanística, medioambiental, e no deseño das edificacións previstas segundo establece a Lei 38/1999 de ordenación da edificación, polo procedemento previsto nos

artigos 183 e seguintes da Lei 9/2017, co fin de seleccionar a mellor proposta entre os anteprojectos presentados que servirán no seu caso de base para redactar o correspondente proxecto executivo en fases posteriores ao presente Convenio.

Portos e o Concello comprométense a aboar os premios previstos para o concurso no Anexo 1 do presente convenio nunha porcentaxe do 50 por cento da contía establecida para cada un deles, no prazo dun mes dende a publicación do fallo do Xurado, con cargo respectivamente ás partidas orzamentarias seguintes:

EPE Portos de Galicia: 1310/64001 – Estudos, proxectos e traballos en curso

Concello de Sanxenxo: 17001/22706 – Estudos y traballos técnicos

Portos de Galicia como órgano que ostenta a competencia para redactar e aprobar se procede a proposta de modificación do DEUP do porto de Portonovo, á vista da formulación que faga a eventual proposta gañadora, e unha vez poida fixar coa debida determinación o obxecto do eventual contrato de servizos para acometer total ou parcialmente ou por fases a actuación, poderá procederá a adxudicar o correspondente contrato de servizos ao autor da proposta gañadora mediante un procedemento de contratación posterior. A contratación destes traballos profesionais co autor da proposta gañadora, realizarase polo procedemento negociado sen publicidade, segundo o previsto no artigo 168.d) LCSP.

Os custos desta contratación de levarse a cabo serán cofinanciados entre Portos de Galicia e o Concello de Sanxenxo con cargo ás respectivas consignacións orzamentarias que procedan nunha porcentaxe do 50 por cento en cada caso .

Sen prexuízo do establecido no parágrafo que antecede, Portos de Galicia e o Concello de Sanxenxo asumen nunha porcentaxe do 50 por cento, o aboamento ao COAG e ao CECCPG da cantidade de **oito mil euros (8.000,00 €)**, para compensarlles polos gastos e suplidos que terán que asumir en virtude da súa colaboración.

Nesta cantidade estará incluída os gastos e compensacións que ditos colexios profesionais deban pagar aos membros do xurado designados por eles.

Internamente ambos Colexios profesionais determinarán as súas porcentaxes de intervención que serán comunicadas oportunamente ao obxecto de que se poida proceder ao pagamento correspondente a cada un deles.

Esta cantidade aboarase a través de transferencia bancaria no número de conta que indiquen conxuntamente os dous Colexios, e farase efectiva en dous prazos: **4.000,00 euros** ao subscribirse o convenio e os restantes **4.000,00 euros** ao finalizar as tarefas do Xurado no devandito concurso, co conseguinte outorgamento dos premios.

Portos de Galicia e o Concello de Sanxenxo comprométense tamén a facilitar aos colaboradores os antecedentes e a documentación planimétrica e legal para a convocatoria do concurso, e en concreto, e con carácter non exhaustivo, a que se cita a continuación:

- Plano en dwg de estado actual. Marcando ámbito ou ámbitos.
- Plano actual do Plan de usos.
- Plano de servizos de abastecemento de augas, de alcantarillado, telecomunicacións, etc
- Proxectos en marcha no ámbito delimitado
- Orientar o programa de necesidades segundo as propostas dos colaboradores

En tanto en canto o ámbito de actuación deste convenio e maioritariamente o portuario, toda a documentación que se facilite aos colaboradores deberá de coar co visto bo de Portos de Galicia.

TERCEIRA. OBRIGAS DO COLEXIO DE ARQUITECTOS DE GALICIA E DO COLEXIO DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS

Os Colexios, obríganse en función do presente Convenio a:

- Recopilar os antecedentes e a proposta de ámbito, e elaboración de documentos e acordos previos.
- Elaborar a proposta de redacción de bases administrativas e técnicas acordada cos convocantes e resto de colaboradores para a instrumentación e desenvolvemento do concurso de proxectos, con especial atención no asesoramento en cuestións técnicas e viabilidade técnica e urbanística do mesmo. Ditas bases deberá de ter en conta de maneira preceptiva as directrices que se recollen no Anexo 3 do presente convenio.
- Organización, filtrado e composición da documentación técnica a entregar aos concursantes, proporcionándolles unha boa calidade para difundila a través plataforma de contratos públicos de Galicia no enderezo electrónico do concurso, tras ser facilitada polos convocantes
- Crear un enlace á plataforma de contratos públicos de Galicia no enderezo electrónico do concurso web do concurso e aloxalo nas páxinas Web do COAG e o CECCPG e conectalo co contido da licitación da plataforma do concurso.
- Difundir por todos os medios ao seu alcance a convocatoria do citado concurso entre todos os colexiados do territorio español, a través do CSCAE e CECCPG, co fin de acadar a participación do máximo número deles.
- Garantías de seguimento, aclarando consultas e dúbidas sobre as bases do concurso que susciten os participantes. Para o coñecemento de todos os participantes, as respostas a consultas e dúbidas faranse públicas a través da plataforma de contratos públicos de Galicia no enderezo electrónico do concurso.
- Asesoramento tanto en fase de redacción de Bases, como en fase de resolución de consultas e fallo. Para coñecemento dos participantes e xeral, as respostas de consultas e

fallo, faranse públicas a través da plataforma de contratos públicos de Galicia no enderezo electrónico do concurso.

- Velar polos dereitos e obrigas dos concursantes no propio marco das funcións do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e o CECCPG.
- Unha vez fallado o concurso poderase organizar fisicamente ou en soporte dixital, unha exposición dos traballos gañadores e do resto de presentados, colaborando o COAG e o CECCPG nela.
- Así mesmo, obrígase a formar parte do Xurado que resolverá o concurso referenciado mediante a designación dun profesional de cada un dos Colexios que actuará como vogal.

CUARTA. CUMPRIMENTO

Para acreditar o cumprimento do establecido nas cláusulas terceira, e con carácter previo ao pagamento final, o COAG e o CECCPG entregarán a Portos de Galicia e ao Concello, a seguinte documentación:

- Un certificado asinado polos seus Decanos, onde se exprese que por parte dos seus colexios se realizaron a totalidade do obxecto do convenio.
- Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas.

QUINTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f) da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento do establecido no convenio, seguimento, vixilancia e control do mesmo, nun prazo máximo de quince días a contra dende a sinatura do Convenio creárase unha Comisión de Seguimento.

A Comisión de Seguimento estará integrada por unha Presidencia que recaerá na Presidenta da EPE Portos de Galicia ou persoa na que delegue, e por catro vogais en representación de cada unha das entidades que asinan o Convenio.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento:

- 1.- Velar polo Cumprimento do convenio.
- 2.- Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do convenio incluíndo os axustes que sexan necesarios no calendario de actuacións.
- 3.- Adoptar as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- 4.- Resolver os problemas de interpretación e as discrepancias que poidan xurdir en orde ao cumprimento do convenio.
- 5.- Promover si o consideran axeitado outras actuacións que poidan enriquecer ou complementar

o desenvolvemento do convenio.

6.- En xeral as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do RXSP atribúe ao órgano de vixilancia e control.

SEXTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

Este Convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas cumprir con cantas obrigas legais que como empregadores lles correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscrición do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes e os profesionais e empresas que por conta das partes asinantes desenvolvan as actividades obxecto deste convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

SÉTIMA. PUBLICIDADE

En canto á publicidade, procederase de conformidade co mandato da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006 do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia.

En virtude co disposto no parágrafo anterior o Concello de Sanxenxo e Portos de Galicia consenten expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro do convenio.

OITAVA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Presidencia de Portos de Galicia, poñendo fin á vía administrativa.

Serán causas de extinción do convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- A denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime de todos os asinantes.

- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo que con carácter de mínimo se establece nun mes, coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á Presidencia de Portos de Galicia como responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados, prexuízos que taxaranse contraditoriamente polas partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente da resolución do convenio.

O cumprimento e a resolución do Convenio por calquera das causas que se sinalan con anterioridade dará lugar á liquidación deste co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, o que se axustará ao establecido no artigo 52 da Lei 40/2015, do RXSP

En todo caso con carácter previo á súa liquidación as partes poderán aprobar, a proposta da comisión de seguimento, a finalización de todas as actuacións fixando un prazo improrrogable para terminalas.

Sen prexuízo do anterior, o convenio, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015 extinguirase polo incumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

NOVENA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO .

O presente convenio ten carácter administrativo e regularase polo establecido neste, e supletoriamente polos principios da Lei 40/2015, do RXSP sen prexuízo da aplicación dos principios e criterios para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, consonte o establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e pola Lei 40/2015, do 2 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

O desenvolvemento dos seus compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas súas cláusulas.

DÉCIMA. VIXENCIA.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia de (6) seis meses, que poderá prorrogarse por acordo mutuo das partes antes da súa finalización para o cumprimento da finalidade nel establecida.



UNDÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO.

As modificacións formalizaranse mediante addenda a este convenio cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

DUODÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS.

En canto ao tratamento e acceso a datos de carácter persoal incorporados a ficheiros de responsabilidade das partes e aos que as mesmas poidan ter acceso en cumprimento deste convenio en calidade de responsables do ficheiro ou encargados do seu tratamento, as partes obríganse a cumprir de maneira estrita as normas do regulamento UE 679/2016, xeral de protección de Datos e as normas da lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos Persoais e Garantía dos dereitos Dixitais.

Para estes efectos as partes se comprometen a non utilizar tales datos de carácter persoal con finalidade distinta á da execución do presente convenio, a non cedelos nin comunicalos baixo ningún concepto a terceiras persoas nin para a súa conservación, e en especial a non reproducir, publicar ou difundir ningunha información sobre aqueles.

No caso de extinción por calquera causa do convenio, os datos de carácter persoal aos que as partes houberan accedido serán devoltos ás parte correspondente da que procedan ou destruídos, calquera que sexa o seu soporte, agás naqueles casos nos que para o cumprimento de obrigacións legais deban de ser conservados polo tempo legalmente esixido.

E en proba de conformidade, as partes implicadas asinan o presente convenio tomándose como data de formalización do convenio a data do ultimo asinante no lugar expresado na cabeceira.

Dña Susana Lenguas Gil

Presidenta de Portos de Galicia

D. Telmo Martín González

Alcalde-Presidente de Sanxenxo e Presidente do Concello de Sanxenxo

Dña Elena Ampudia Aixendri

Decana –Presidenta do Colexio Oficial
de Arquitectos de Galicia

D. Enrique Urcola Fernández-Miranda

Decano do Colexio de Enxeñeiros de Camiños,
Canais
e Portos. Demarcación de Galicia

ANEXO1 . DIRECTRICES DE EXECUCION DO CONVENIO. CONTIDO ESENCIAL A DESENVOLVER NAS BASES DO CONCURSO.

Para desenvolver este convenio deberase actuar da seguinte forma:

- **CONSTITUCION DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO.** Representantes do Concello de Sanxenxo, de Portos de Galicia, do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e do Colexio de Enxeñeiros de Caminos, Canais e Portos, para a convocatoria do “CONCURSO DE PROXECTOS CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA REMODELAR E AMPLIAR O PORTO DE PORTONOVO NO CONCELLO DE SANXENXO”
- **ESTABLECEMENTO DO CALENDARIO DE ACTUACIÓNS.** Para o coñecemento da comisión de seguimento, de acordo coa Secretaría do concurso e os intereses dos convocantes e dos concursantes, co fin de respectar os prazos mínimos necesarios para a elaboración da convocatoria e presentación de propostas, establecerase un cronograma que rexerá o procedemento do concurso, o cal consta como avance ao final deste anexo e que será obxecto dos axustes que sexan preciso durante o seu desenvolvemento por proposta da Comisión de Seguimento.
- **ELABORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN.** Partindo da documentación achegada polos convocantes, o COAG e o CECCPG redactarán os modelos de Pregos que, previamente á súa difusión, facilitará aos convocantes para revisalos e adaptalos ás súas necesidades, expectativas ou posibilidades, co consenso de todas as partes, respectando sempre o marco legal e contando co asesoramento colexial durante todo este proceso de elaboración.

A información e a documentación do concurso será a contida no seguinte guión:

- **AVANCE e GUIÓN DO CONTIDO DO PREGO DE PRESCRICIÓNS ADMINISTRATIVAS DO CONCURSO.**

É o documento que rexerá o desenvolvemento administrativo do concurso, **o cal definirá:**

- a. **OBXECTO:** CONCURSO DE PROXECTOS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA REMODELAR E AMPLIAR OS TERREOS E DEMAIS INSTALACIÓNS DO PORTO DE PORTONOVO ASÍ COMO DO SEU ENTORNO INMEDIATO NO CONCELLO DE SANXENXO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.

A documentación esixida será de anteproxecto.

- b. **ANTECEDENTES:** Nas bases do concurso enúncianse as circunstancias que deron lugar á convocatoria do concurso, así como outro tipo de cuestións que poida ser relevante para o mesmo.

- c. **LOCALIZACIÓN DO CONCURSO:**

Os actuais terreos do porto de Portonovo (Sanxenxo), e terreos adxacentes.

A proposta xeral abarcará todo o ámbito delimitado. No anexo 4 desde convenio, se avanza a posible delimitación.

- d. TIPO DE CONCURSO:** Neste caso Concurso de proxectos, ordinario, aberto nas fases que se definan.

Sen prexuízo do establecido no apartado relativo á cesión dos dereitos de propiedade intelectual e industrial, conforme ao procedemento previsto nos artigos 183 e seguintes da Lei 9/2017 do tipo previsto no artigo 183.2 b) prevéndose a posibilidade, se así se acorda, da celebración dun procedemento negociado posterior co gañador ao obxecto de adxudicar, no seu caso, o correspondente contrato de servizos ao abeiro do disposto no artigo 168 LCSP.

- e. ENTIDADE QUE CONVOCA:** Os datos dos promotores da iniciativa e da secretaría do concurso, direccións, teléfonos, dirección de correo electrónico e páxina web, no seu caso necesarios para a comunicación entre os concursantes e os promotores

- f. TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA.**

Sempre que o Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia, permita garantir o anonimato dos participantes no concurso, ata o fallo do Xurado, a tramitación será electrónica a través da plataforma de contratos públicos de Galicia <https://www.contratosdegalicia.gal/portada.jsp> e a presentación das propostas se realizará na plataforma de licitación electrónica da Xunta de Galicia, Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia, SILEX https://silex.conselleriadeconomia.es/SLE_Internet/. En tal caso, de acordo coas normas de funcionamento do SILEX, toda a documentación se presentará en arquivos electrónicos asinados dixitalmente con firma dixital recoñecida.

No caso de que non sexa posible garantir o anonimato dos participantes ata o fallo do Xurado, a tramitación realizarase en soporte papel, garantíndose o segredo das candidaturas e a integridade dos sobres que conteñan as propostas dos participantes.

- g. DESTINATARIOS DO CONCURSO. REQUISITOS DOS CONCURSANTES E FORMAS DE PARTICIPACIÓN.**

Equipos multidisciplinares con profesionais con competencias na materia (arquitectos e enxeñeiros de camiños canais e portos), de ordenación, construción e deseño portuario, de ordenación urbanística, medioambiental, e no deseño de edificacións segundo establece a Lei 38/1999 de ordenación da edificación que formen equipos baixo a dirección destes, persoas físicas, xurídicas e UTE's, así como os requisitos dos concursantes, como son solvencia técnica, económica e financeira. En todos os equipos terá que haber como mínimo un Arquitecto e un Enxeñeiro de Camiños.

h. AVANCE DO PROGRAMA

A remodelación do porto e a ampliación dos terreos e demais instalacións do Porto de Portonovo así como do seu entorno inmediato no concello de Sanxenxo, permitirá ademais de mellorar o desenvolvemento da actividade portuaria actual cos usos xa previstos no PUEP do porto, tales como a actividade de pesca, deportiva, pasaxe e de varadoiros, a inclusión no seu caso doutros usos que poñan en valor estes espazos.

Posibilitará que as diferentes actuación se poidan facer por fases.

De ser preciso será necesario modificar o PUEP do porto para adaptalo á proposta gañadora.

i. CUSTO MÁXIMO DA ACTUACIÓN

A concretar nos pregos do concurso, as condicións relativas aos investimentos que plantea cada concursante.

j. ETAPAS E PRAZOS DO CONCURSO: Distinguindo, de así establecerse, a primeira fase de admisión de candidatos e a segunda de presentación de propostas do concurso.

- Inscripción previa.
- Envío e/ou descarga da documentación.
- Información e consultas: vía correo electrónico.
- Posible visita explicativa a organizar polo concello de Sanxenxo e Portos de Galicia ao ámbito do concurso, e posibles actividades e difusión a desenvolver o mellor coñecemento do concurso.
- Forma de entrega.
- Reunións do xurado.
- Fallo do concurso
- Encargo dos proxectos correspondentes- Adxudicación do contrato de servizos se así se acorda nunha fase posterior ao presente convenio (segundo a cláusula segunda do convenio)

k. PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS, DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

Distinguindo:

- Anuncios.

- Idiomas: galego e castelán.
- Retirada de bases e documentación.
- Forma de presentación e prazos, distinguindo:
 - SOBRE 1: documentación administrativa.
 - SOBRE 2: documentación técnica.

I. ANONIMATO.

m. XURADO.

- Composición:

Presidente:

- A Presidenta de Portos de Galicia, ou persoa en quen delegue

Vocais:

1. O Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Sanxenxo, ou persoa en quen delegue.
2. O Arquitecto municipal do concello de Sanxenxo
3. Un Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos designado por Portos de Galicia
4. Un representante Arquitecto designado polo Colexio de Arquitectos de Galicia.
5. Un representante Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos designado polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños Canais e Portos
6. **Un representante designado pola Consellería da Xunta competente en materia de Urbanismo.**

Secretario: O Xefe do Departamento de Secretaría xeral e Asesoría Xurídica de Portos de Galicia e como suplente o Xefe de División Xurídica de Portos de Galicia, que actuará como secretario, con voz pero sen voto.

- Constitución e Acordos: A constitución do Xurado será declarada válida sempre que asistan, previa citación, a presidencia, a secretaría, e a metade do resto dos seus membros.
 - Os acordos en caso de disparidade de criterios se resolverán por maioría de votos emitidos, decidindo o voto de calidade da Presidencia para o caso de empate.

- Facultades.
- Admisión de concursantes.
- Método de traballo do Xurado.
- Proclamación de candidatos.
- Recepción de traballos.

n. CRITERIOS DE VALORACIÓN. Exclusivamente técnicos en aplicación do artigo 184.3 Lei 9/2017: *“Nos concursos de proxectos, a valoración das propostas referirase á calidade das mesmas, e os seus valores técnicos, funcionais, arquitectónicos, culturais e ambientais”.*

o. PROPIEDAD DOS TRABALLOS E DEREITOS DAS PARTES.

Nas bases do concurso, establecerase para a proposta que reciba o primeiro premio, a cesión en exclusiva, agás o dereito moral de autor, a Portos de Galicia e ao Concello de Sanxenxo dos dereitos patrimoniais de propiedade intelectual e industrial, en especial o de transformación, sen limitación do número de reproducións, difusión e execución das propostas, para o ámbito territorial de España, e polo tempo máximo de 10 anos que permite a lexislación reguladora destes dereitos.

No caso de que Portos de Galicia ou o Concello de Sanxenxo desistiran da realización das obras e actuacións recollidas no proxecto seleccionado, a cesión quedará sen efecto.

Asemade sen prexudicar os intereses lexítimos nin menoscabar a súa reputación, os autores da proposta merecedora do primeiro premio, autorizan a que Portos de Galicia poida transformar e encargar, incluídas as obras derivadas, proxectos baseados total ou parcialmente na proposta presentada a calquera profesional competente, mediante os correspondentes procedementos de contratación axustados a la LCSP.

O prezo da cesión está incluído no premio outorgado ao abeiro deste convenio.

Os participantes premiados non poderán facer ningún uso ou divulgación dos estudos e documentos elaborados con motivo da participación do concurso, ben sexa de maneira parcial ou total, sen autorización expresa e conxunta de Portos de Galicia e do Concello de Sanxenxo.

Todos os participantes no concurso ceden a Portos de Galicia e ao Concello de Sanxenxo os dereitos de explotación que correspondan ao obxecto de publicidade da convocatoria e os seus resultados, tales como a publicación,

v. 2021.04.06

difusión, e exposición dos traballos presentados, aínda que permanecerán en anonimato aqueles participantes non premiados que o tivesen solicitado.

p. RESOLUCIÓN E DEVOLUCIÓN DOS TRABALLOS.

q. INCOMPATIBILIDADES E DEBER DE ABSTENCIÓN

r. PREMIOS.

Propóñense os seguintes premios a aboar polo Concello de Sanxenxo e por Portos de Galicia, ao 50 por cento por cada parte:

1. Primeiro premio (proposta gañadora): 25.000,00€.
2. Segundo premio: 10.000,00€.
3. Terceiro premio: 5.000,00€

Mencións. O Xurado poderá acordar a mención de cantos proxectos considere merecedores de tal distinción, sen contía económica.

O concurso non poderá declararse deserto nalgún ou todos dos seus premios, a non ser que o Xurado considere por maioría absoluta que non poden outorgarse todos ou algún dos premios por non haber proxectos que resulten suficientemente satisfactorios para os obxectivos do concurso que sexan por tanto merecedores de tal distinción.

s. CAUSAS DE EXCLUSIÓN.

- A remisión da proposta fora de prazo.
- O incumprimento das normas de presentación.
- A presentación de traballos xa publicados ou divulgados, ou divulgación de las propostas presentadas antes da proclamación de resultados.
- La existencia de inexactitudes e contradicións flagrantes no contido da proposta.

t. EXPOSICIÓN. Os concursantes presentarán os seus paneis dixitalmente, nun ficheiro zip con non máis de 100 mb, para que os promotores podan imprimilos para unha exposición con todos os paneis co mesmo formato.

u. OBRIGAS DOS CONCURSANTES.

v. RÉXIME XURÍDICO.

w. ORZAMENTO E EXISTENCIA DE CRÉDITO.



x. FORMALIZACIÓN POTESTATIVA DO CONTRATO.

y. PLANIMETRÍA E FOTOGRAFÍAS

ANEXO. 2 CRONOGRAMA DE ACTUACIÓNS DO CONCURSO

Convocatoria	Lugar e data
Convenio previo entre as partes	De acordo á data da sinatura do convenio comezarían a rexer os prazos indicados a continuación.
Elaboración dos pregos de condicións técnicos e administrativos, e publicación do anuncio do concurso.	No prazo máximo de dous meses desde a sinatura de convenio.

ANEXO 3. DIRECTRICES QUE DEBERÁN DE SER TIDAS EN CONTA NA REDACCIÓN DAS PRESCRICIÓNS TÉCNICAS DAS PROPOSTAS A PRESENTAR AO CONCURSO.

- Mantemento das tres actividades portuarias: pesca, pasaxe náutica deportiva e varada e reparación de embarcacións con prestacións a lo menos iguais e nunca inferiores as actuais no intre da convocatoria do concurso, a cambio de ceder terreos ao espacemento público.
- Análise e mellora de necesidades de cada un dos sectores portuarios, con especial interese no pasaxe e a reparación naval.
 - PASAXE: Análise da tipoloxía de buques que operan no porto. accesibilidade do pasaxe á embarcación
 - Mellora da zona de reparación naval co estudio da posibilidade de traslado tanto técnica como económica do foso pola súa localización lindante ao paseo marítimo; ter en conta a variación de necesidade de solo de varada entre unha e outra temporada para adecuar superficie de concesión xunto ao travel valorando a habilitación dunha zona a concesionar.
 - ataque de embarcacións menores dando posicionamento no seu caso a embarcacións históricas.
 - Ter en conta unha boa solución de acceso á zona portuaria sen restricións pero en convivencia con outros usos.
- As obras de integración deben de garantir a seguridade das operacións portuarias, evitando por tanto interferencias no acceso a zonas que entrañen un risco (espaldóns, zonas de traballo, etc).
- Limitación da construción de infraestruturas marítimas tipo ampliación do dique, xa que a súa viabilidade pode ser moi cuestionable e dificultará a tramitación. Se poderá estudar

e propor a ampliación na zona inicial do espigón sempre dentro de la zona adscrita (zona




marcada)

- O prego deberá indicar as edificacións/instalacións que son susceptibles de demolición con indicación de si procede o traslado do servizo ou non (concesións afectadas: departamentos de usuarios, aparcamento pd, nave decomisos...).
- Viabilidade económica:
 - deberá cuantificarse o presuposto real da actuación incluíndo todos os condicionantes que poidan existir.
 - se deberá ter en conta nas propostas la fórmula de xestión tendo en conta que o terreo é portuario e por tanto a xestión compete a portos de Galicia
 - se debe de esixir un estudio de viabilidade económica, e valorar tamén este aspecto no concurso de ideas.
 - se debe de valorar no concurso a autofinanciación do proxecto.
- planteamento por fases. correcto, inversiones por fases y/o unidades de negocio.
- concreción de financiación de presuposto:
 - marcar límites presupostarios para a inversión e distribución entre portos/concello.

ANEXO 4. PLANO DE SITUACIÓN E POSIBLE DELIMITACIÓN





- ZONA DE SERVIZO DO PORTO DEFINIDA NO PUEP EN DATA 12-03-2009
- DELIMITACIÓN DO ÁMBITO PROPOSTO PARA O CONCURSO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



PORTO:

PORTONOVO
SANXENXO - PONTEVEDRA

REFERENCIA:

PLANO ANEXO O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA, CONCELLO DE SANXENXO, E OS COLEXIOS OFICIAIS DE ARQUITECTOS, E DE ENXEÑEIRÓS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DE GALICIA, PARA AREMODELACIÓN E AMPLIACIÓN DOS TERREOS QUE OCUPA O PORTO DE PORTONOVO NO CONCELLO DE SANXENXO (PROVINCIA DE PONTEVEDRA)

TÍTULO DO PLANO:

PLANTA XERAL

CLAVE PORTO:

13-10

ESCALAS:

1/2000

DATA:

DICIEMBRE 2020

Nº PORTO:

16

Nº PLANO:

01

FOLLA: 01 DE: 01